

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 30 DE OUTUBRO DE 2025

No salón de sesións da casa consistorial do Concello de Cambre, sendo as once horas e un minuto do día trinta de outubro de dous mil vinte e cinco, e logo da oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Preside a sesión a Sra. alcaldesa, dona Diana Piñeiro Fernández, e asisten:

Polo grupo municipal de UxC:

D.^a MARÍA DOLORES PAN LESTA
D. DANIEL MALLO CASTRO
D. JUAN GONZÁLEZ LEIRÓS
D.^a MARÍA CARMEN PAN MATOS
D.^a MARÍA YOLANDA DÍAZ BALDOMIR
D. ÓSCAR TOMÁS BARRIENTOS MORALES
D.^a MÓNICA VARELA GERMADE

Polo grupo municipal do PP:

D.^a PATRICIA ESTHER ESPÍÑEIRA GALÁN
D. RUBÉN VÁZQUEZ PÉREZ
D. OMAR GONZALO LAMELA VÁZQUEZ

Polo grupo municipal do PSdeG-PSOE:

D. DIEGO ALCANTARILLA REI
D.^a MARÍA MERCEDES PRIETO LAMAS
D.^a PATRICIA MARÍA PARCERO QUIÑOY
D.^a ANA RODRÍGUEZ LÓPEZ

Polo grupo municipal do BNG:

D. DANIEL CARBALLADA RODRÍGUEZ
D.^a MARÍA TERESA PRIETO MIRAMONTES
D.^a NIEVES LOURO LÓPEZ

Polo grupo municipal do AV:

D. RAÚL VARELA FRAGUÍO
D. MANUEL CASTRO UZAL

Concelleira non adscrita:

D.^a MARÍA ELENA LAUDA FERNÁNDEZ

Asiste á sesión o interventor accidental, D. Fernando Manuel Garrido Negreira, e dá fe do acto a secretaria xeral, D.^a Pilar María Pastor Novo.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1º do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 30 de outubro de 2025, que, xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video_202510301000050000_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que no punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 106 do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame do asunto incluído na orde do día da convocatoria.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 29 DE MAIO DE 2025, Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 26 DE XUÑO DE 2025, Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 31 DE XULLO DE 2025, Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 28 DE AGOSTO DE 2025 E Á SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO DÍA 12 DE SETEMBRO DE 2025

Acceso á videoacta – 00:01:12 horas

De conformidade co previsto no artigo 108.2 do Regulamento orgánico municipal, pola Presidencia pregúntase se existe algunha obxección ou observación ás actas correspondentes á sesión ordinaria do día 29 de maio de 2025, á sesión ordinaria do día 26 de xuño de 2025, á sesión ordinaria do día 31 de xullo de 2025, á sesión ordinaria do día 28 de agosto de 2025 e á sesión extraordinaria e urxente do día 12 de setembro de 2025, das que se entregou copia remitida coa convocatoria desta sesión.

Non producíndose intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria as actas correspondentes á sesión ordinaria do día 29 de maio de 2025, á sesión ordinaria do día 26 de xuño de 2025, á sesión ordinaria do día 31 de xullo de 2025, á sesión ordinaria do día 28 de agosto de 2025 e á sesión extraordinaria e urxente do día 12 de setembro de 2025, sendo aprobadas por unanimidade.

Á vista do resultado da votación decláranse aprobadas as actas da sesión ordinaria do día 29 de maio de 2025, da sesión ordinaria do día 26 de xuño de 2025, da sesión ordinaria do día 31 de xullo de 2025, da sesión ordinaria do día 28 de agosto de 2025 e da sesión extraordinaria e urxente do día 12 de setembro de 2025.

2. PARTE RESOLUTIVA

- MOCIÓN URXENTES EN ASUNTOS DE COMPETENCIA DE PLENO SEGUNDO O ARTIGO 22 DA LEI 7/1985, QUE NON FIGUREN NA ORDE DO DÍA

Acceso á videoacta – 00:01:17 horas

A) A Sra. Presidenta dá conta da moción do grupo municipal de AV para a creación dun ente para a reactivación institucional, e concede o uso da palabra ao voceiro do AV, Sr. Varela Fraguío, quen di que eles traen hoxe aquí esta moción porque consideran que a situación do concello cada día é máis crítica e cre que entre todos deben de buscar solucións o antes posible.

De seguido a Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia da moción, que é aprobada por unanimidade.

A continuación, a Presidencia somete a debate e consideración do Pleno a moción do grupo municipal de AV, rexistrada de entrada ao núm. 202599900006722 o día 23 de outubro de 2025, que transcrita di:

«MOCIÓN PARA A CREACIÓN DUN ENTE PARA A REACTIVACIÓN INSTITUCIONAL

A situación actual do Concello é, sen lugar a dúbidas, crítica a nivel institucional e organizativo. Levamos case dous anos de parálise estrutural, cunha Administración local que non está a responder de maneira eficaz ás necesidades da veciñanza.

Este escenario débese, en parte, á falta de vontade política de colaboración entre os grupos municipais desta corporación, que impide remar nunha mesma dirección, a pesar de que todos coincidimos en que o obxectivo común debe ser o servizo á cidadanía.

Oposición e Goberno parece traballar a cegas, sen un plan e, desde logo, sen cumprir ese obxectivo común.

Mentres tanto, a veciñanza sofre as consecuencias, ás veces sen ser plenamente consciente de que vive nun concello no que todas as áreas de servizo presentan carencias e desaxustes.

A situación do persoal municipal é outro factor determinante:

- Condicións laborais e retribucións sen actualizar.
- Pagos atrasados de axudas sociais.
- Falta de substitucións por baixas.
- Escaseza de persoal e desorganización interna.

Todo isto afecta directamente ao funcionamento administrativo diario, e por extensión, á calidade dos servizos públicos.

A maiores, os servizos fundamentais (auga, limpeza viaria, mantemento...) atópanse en moitos casos nunha situación irregular ou con contratos caducados, o que xera inseguridade xurídica e operativa, afectando tamén ás empresas e persoas que prestan ou reciben estes servizos.

As asociacións, clubs deportivos e entidades culturais, auténtico motor da vida social do noso concello, levan anos sen recibir as súas subvencións.

No caso das ANPAS, a incerteza é constante, pois moitas veces non saben ata o último momento se poderán manter os programas de conciliación.

Todo isto conforma unha realidade preocupante que xa vai máis alá do debate político: afecta a persoas concretas, traballadores municipais, entidades e familias.

Por iso, dende Alternativa dos Veciños entendemos que é o momento de deixar a un lado os intereses partidistas e centrarnos en recuperar o funcionamento normalizado da institución.

Non é tempo de confrontación, senón de reconstrución institucional. Debemos actuar agora, con responsabilidade e altura política, para devolver ao Concello a estabilidade e eficacia que a veciñanza merece.

Por estes motivos, **PROPOÑEMOS**

1. Crear un ente de participación extraordinario, como órgano de participación extraordinario e temporal, pero tamén como comité de seguimento.

2. O ente estará formado por: Secretaría, Intervención e unha representación de cada un dos grupos municipais que integran a Corporación.
3. Establecer como obxectivo principal deste ente o deseño dun plan de acción común para a recuperación do funcionamento institucional e administrativo do Concello, garantindo o diálogo e o consenso político.
4. Establecer reunións de traballo periódicas para emitir informes e actas públicas, informando á veciñanza, entidades e empresas implicadas dos avances realizados.
5. Comprometer a todos os grupos municipais a participar con espírito construtivo e vontade real de cooperación, entendendo que a prioridade é a recuperación da normalidade institucional e a prestación eficiente dos servizos públicos.»

Interveñen a voceira de UxC, Sra. Pan Lesta, o voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. Alcantarilla Rei, o voceiro do BNG, Sr. Carballada Rodríguez, o voceiro de AV, Sr. Varela Fraguío, e a alcaldesa, Sra. Piñeiro Fernández.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción presentada polo grupo municipal de AV, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Dous (2), dos Sres. Varela Fraguío e Castro Uzal.

Votos en contra: Dezanove (19), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Díaz Baldomir, Barrientos Morales, Varela Germade, Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcero Quiñoy, Rodríguez López, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes, Louro López e Lauda Fernández

Abstencións: Ningunha (0).

Á vista do resultado da votación, declárase non aprobada a moción de AV de data 23 de outubro de 2025.

Acceso á videoacta – 00:18:21 horas

B) A Sra. presidenta intervéen e manifesta que hai unha moción do grupo municipal de UxC que acaba de ser entregada ao comezo da sesión, relativa ao pago de subvencións e convenios atrasados.

(Cando son as once horas e dezaioito minutos a Presidencia concede un receso de 10 minutos para estudar a moción presentada, polo que se suspende a gravación) (**Acceso á videoacta 00:18:32 horas**).

Cando son as once horas e vinte e sete minutos reanúdase a sesión e a súa gravación (**Acceso á videoacta 00:18:42 horas**).

A Sra. presidenta concede o uso da palabra á Sra. Pan Lesta, quen di que a urxencia vén motivada precisamente pola situación expresada publicamente polas entidades do tecido asociativo de Cambre nos últimos tempos. Di que dicía antes o voceiro de Alternativa dos Veciños que o que teñen que facer é achegar algo e di que esta é a achega de UxC. Di que saben que isto é soamente o inicio do expediente, que teñen que vir os informes de Secretaría e Intervención pertinentes para poder aprobalo, de aí que nun dos puntos se diga que se faga un pleno extraordinario na primeira quincena de novembro.

Di que o tema é habilitar o crédito preciso para que esas entidades poidan cobrar cando os expedientes estean informados correctamente e cren que esta é unha oportunidade única debido a que se este suplemento se aproba no último trimestre do ano poderá automaticamente incorporarse ao exercicio 2026.

De seguido a Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia do asunto, que é aprobada por unanimidade.

A continuación, a Presidencia somete a debate e consideración a moción do grupo municipal de UxC que transcrita di:

“MOCIÓN PARA O PAGO DE SUBVENCÍONS E CONVENIOS ATRASADOS

Visto que a liquidación do orzamento do exercicio 2024 arroxa un remanente líquido de Tesourería positivo ascende a 30.602.469,38 euros e un superávit de 8.450.288,01 euros.

Visto que a proposta do orzamento municipal para 2025 presentada polo entón goberno de UxC foi rexeitada polo pleno o que avocou a que Cambre estea cos orzamentos prorrogados de 2024 onde non se recollen créditos para as subvencións nin convenios co tecido asociativo de Cambre, agás a modificación que foi aprobada no pleno de maio de 2025 que afectaba ás ANPAs.

Tendo en conta que Cambre ten aprobado un acordo plenario con data 04.11.2020 no que se aproba establecer o réxime de fiscalización e intervención limitada previa nos termos que a continuación se recollen:

“Único: Establecer o Réxime de fiscalización e intervención limitada previa, completada cun control posterior, respecto dos expedientes municipais da forma seguinte:

1.- A fiscalización previa de dereitos substitúese pola inherente á toma de razón en contabilidade e por actuacións comprobatorias posteriores mediante a utilización de técnicas de mostraxe ou auditoría, de acordo co disposto no artigo 219.4 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

2.- A fiscalización e intervención previa das obrigas ou gastos, de conformidade co disposto no artigo 219.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, realizarase mediante a comprobación dos seguintes extremos:

- a) A existencia de crédito orzamentario e que o proposto é o adecuado á natureza do gasto ou obriga que se propoña contraer.*
- b) Nos casos nos que se trate de contraer compromisos de gastos de carácter plurianual comprobarase ademais, se se cumpre o preceptuado no artigo 174 do RDL 2/2004, do 5 de marzo.*
- c) Que as obrigas ou gastos se xeran por órgano competente.*
- d) O resto de extremos adicionais que estean vixentes por acordo do Consello de Ministros, vixente en cada momento, en relación á fiscalización previa limitada no Estado.*
- e) Nos expedientes que resulte preceptivo o informe do artigo 173 do ROF, a existencia do informe favorable.*

3.- Naqueles casos que a normativa estableza a necesidade de informe de intervención e o expediente estea suxeito a fiscalización ese informe entenderase subsumido dentro do informe fiscalizador.

As obrigas e gastos sometidos á fiscalización limitada previa serán obxecto doutra plena con posterior, que se levará a cabo no marco das actuacións de control financeiro.”

Vista a situación tan grave que está a pasar o tecido asociativo e tendo en conta que ao ter aprobado o Regulamento de fiscalización limitada previa tal e como establece o artigo 10.2 do R.D. 424/2017 do réxime xurídico de control interno nas entidades do sector público local que sinala: “El órgano interventor fiscalizará el expediente en el plazo de diez días hábiles. Este plazo **se reducirá a cinco días hábiles** cuando se haya declarado urgente la tramitación del expediente y se aplique el régimen especial de fiscalización limitada previa regulada en los artículos 13 y 14 de este Reglamento” cuestión que

habilita a que os prazos para emitir informes se reduzan de cara a poder habilitar solucións en menos tempo.

Tendo en conta a base trixésimo segunda do orzamento xeral de 2024, hoxe prorrogado, que no apartado 2.1.3. sobre a fiscalización das subvencións, axudas e transferencias sinala:

“O control das subvencións e axudas realizarase pola Intervención municipal de acordo co disposto na normativa reguladora aplicable, nas presentes Bases, no acordo do Pleno de data 4 de novembro de 2020 ou acordos posteriores adoptados en canto ao réxime de fiscalización e intervención aplicables, no Regulamento de control interno aprobado polo interventor municipal, e conforme co Plan anual de control financeiro que se aprobe para o exercicio 2025”.

Precisamente, é a través das bases de execución do orzamento municipal, cando o Goberno de UxC introduce cambios no orzamento de 2025 rexeitado no pleno de abril de 2025, para tentar solventar en parte a tramitación das subvencións ao recoller expresamente, nas bases cuadraxésimo sexta en relación coas subvencións nominativas:

“Poderase aprobar por resolución de alcaldía, o outorgamento de subvencións nominativas e o convenio de colaboración que regule os dereitos e obrigas das partes, correspondentes á anualidade 2025, así como a conta xustificativa que se presente polos beneficiarios, aínda que non se teña aprobado o outorgamento de subvencións nominativas e convenio de colaboración correspondente a anualidades anteriores ao exercicio 2025.

A súa aprobación non conlevará a imposibilidade de tramitar expedientes correspondientes a anualidades previas ao 2025, que non estivesen concluídos, nin condicionará a orde na súa tramitación. En todo caso deberá existir dispoñibilidade orzamentaria derivada de créditos inicialmente aprobados no orzamento, por non ter sido comprometidos gasto ou recoñecidas obrigas no exercicio o uben por modificacións orzamentarias.”

E, en relación coas de libre concorrência: “Poderanse aprobar as bases da convocatoria de subvencións en libre concorrência correspondentes á anulidade 2025, a súa convocatoria, e aprobar a conta xustificativa que se presente polos beneficiarios, aínda que non se teña aprobado as Bases, a convocatoria ou ben aprobada a xustificación correspondente a convocatorias de anualidades anteriores ao exercicio 2025.

A súa aprobación non conlevará a imposibilidade de tramitar expedientes correspondentes a anualidades previas ao 2025, que non estivesen concluídos, nin condicionará a orde na súa tramitación. En todo caso deberá existir dispoñibilidade orzamentaria derivada de créditos inicialmente aprobados no orzamento, por non ter sido comprometidos gasto ou recoñecidas obrigas no exercicio ou ben por modificacións orzamentarias.”

Visto a documentación incorporada ao expediente de suplemento de crédito 2/2024 aprobado en sesión plenaria de xuño de 2024 coa incorporación dos crédito da anualidade 2025 que de seguido se recollen:

Aplicación	Denominación	2025	2024	2023	2022	2020	
326 48900	ANPAs	8.000	8.000	8.000	4.459,01		
334 48900	Sub. Sen ánimo de lucro promoción cultural	25.000	25.000	25.000	20.323		
341 48900	Sub. Sen ánimo de lucro promoción deportes	36.000	36.000	36.000	25.407,53	3.465,83	
334 78000	Sub. Promoción cultural	4.000	4.000	4.000	2.362,36		
341 78000	Sub. Capital fomento deporte	7.000	7.000	7.000	3.161,74		
338 48900	Sub. Sen ánimo de lucro festexos	47.000	47.000	47.000	34.143,22		
338 48100	Becas e premios festas populares entroido	7.100	4.000	5.800			
334 48100	Becas e	4.000	3.426	2.840			

	premios promoción cultural certame literario Xoán Díaz						
334 48901	Convenio Sementeira	63.000	63.000				
334 48902	Fundación WWF	12.000	12.000	12.000			
341 48905	Clubs de fútbol	34.000	34.000	31.000	31.000		
341 48904	Club baloncesto	10.000	10.000	9.000	9.000		
341 48901	Club ciclista	34.000	34.000	31.000	4.000		
341 48910	Bolsas deportistas	16.000	16.000	16.000	16.000		
341 48100	Promoción deportes becas e premios	3.360	3.360	2.540	1.100		
326 48902	ANPA WFF	32.120					
326 48903	ANPA Portofaro	20.020					
326 48904	ANPA Brexo Lema	19.759					
326 48905	ANPA Sigrás	22.589,60					
326 48906	ANPA Graxal	20.342					
231 48004	Adra-Temple	5.000					
231 48903	Cruz Vermella	4.000					
133 47900	Asociacións Empresariais	50.000	50.000		10.892,96	7.860	
133 48100	Becas e premios de promoción empresarial	30.000	14.000	4.000	3.500	0	
TOTAL		514.291	370.786	241.180	165.350,30	11.326	1.302.932,73

Ante a situación que se está a vivir polas entidades entende UxC que plantexarse a modificación das bases de execución do orzamento para recoller a posibilidade dun anticipo, podería ser tamén unha vía de solución máis rápida para o problema. Neste senso, nunha publicación de El Consultor de los Ayuntamientos de marzo de 2025 sinala en relación aos anticipos das subvencións:

“Por lo que entendemos que si no existe una prohibición en las bases de ejecución del presupuesto o en la ordena general de subvenciones en el sentido de prohibir el anticipo en las subvenciones de concesión directa, entendemos que el convenio que la regula puede establecer el anticipo.

Ahora bien, de conformidad con lo establecido en el art. 34 LGS/2003, debe quedar acreditado en el expediente que la concesión del anticipo resulta necesaria para poder llevar a cabo las actuaciones inherentes a la subvención. Dicha justificación debe ser suficiente para acreditar que, sin el anticipo, las actividades previstas no podrían llevarse a cabo de manera adecuada o en los plazos establecidos. Además, es crucial que todos los documentos y pruebas que sustenten esta necesidad se incluyan en el expediente administrativo correspondiente, para garantizar la transparencia y el cumplimiento de la normativa vigente.”

Tendo en conta que todas as entidades están executando actividades deportivas, culturais e sociais básicas para manter o benestar da sociedade civil de Cambre e que o atraso no cobro das subvencións están avocando ao peche dalgunha dela co conseguinte prexuízo para toda a veciñanza de Cambre e que, no caso das subvención de concesión directa nas que se acrediten razóns de interese público, social, económica ou humanitario, ou outras, debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública, o artigo 65 da RGS/2006 sinala que, en relación ás subvencións nominativas a resolución, ou no seu caso o convenio debe incluír:

«Plazos y modos de pago de la subvención, posibilidad de efectuar pagos anticipados y abonos a cuenta, así como el régimen de

garantías que, en su caso, deberán aportar los beneficiarios».

Nas subvencións de concesión directa en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública, o RGS/2006 establece e no ámbito da Administración Xeral do Estado que:

«El citado Real Decreto tendrá el carácter de bases reguladoras de las subvenciones que establece, e incluírá los extremos expresados en el apartado 3 del artículo 28 de la Ley General de Subvenciones».

Tendo en conta que aprobar o suplemento de crédito no último trimestre do ano, permitirá poder incorporar os créditos no exercicio posterior tal e como recolle o artigo 47 do RD 500/1900, que desenvolve o Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, dispón que:

- *“... podrán ser incorporados a los correspondientes créditos de los presupuestos de gastos del ejercicio inmediato siguiente, los remanentes de crédito no utilizados definidos en el artículo 98 procedentes de:*
- *a) Los créditos extraordinarios y los suplementos de crédito, así como las transferencias de crédito que hayan sido concedidos o autorizados, respectivamente, en el último trimestre del ejercicio [artículo 163.1.a), LRHL].*

Por todo o explicado ata o momento, e vendo que se abren portas a diferentes vías para axilizar as tramitacións e proceder ao pago das subvencións, de cara a poñer sobre a mesa unha solución para garantir a continuidade do tecido asociativo de Cambre, o grupo municipal de Unión por Cambre propón ao Pleno, a adopción dos seguintes **acordos**:

- 1. Declarar como urxente a tramitación dos expedientes de subvencións e convenios co tecido asociativo do Concello de Cambre**
- 2. Aprobar un suplemento de crédito por importe de 1.302.932,73 tal e como se recolle no cadro explicativo que se recolle nesta moción**
- 3. Modificar as bases de execución do orzamento prorrogado 2024 que está en vigor a base cuadraxésimo sexta para recoller as subvencións nominativas de anualidades anteriores así como a do ano 2025 tal e como aparecen recollido no cadro arriba indicado**
- 4. Modificar as bases de execución do orzamento prorrogado 2024 que está en vigor para que nas bases cuadraxésimo sexta (subvencións nominativas) e cuadraxésimo sétima (subvencións de libre concorrência) as seguintes modificacións:**

4.1 Se recolla a posibilidade de anticipo do 80% do importe da subvención nos termos arriba indicados

4.2 Incluír os seguintes parágrafos, tal e como ían redactados nas bases de execución para o orzamento 2025:

“Poderase aprobar por resolución de alcaldía, o outorgamento de subvencións nominativas e o convenio de colaboración (ou de libre concorrência) que regule os dereitos e obrigas das partes, correspondentes á anualidade 2025, así como a conta xustificativa que se presente polos beneficiarios, aínda que non se teña aprobado o outorgamento de subvencións nominativas e convenio de colaboración correspondente a anualidades anteriores ao exercicio 2025.

A súa aprobación non conlevará a imposibilidade de tramitar expedientes correspondentes a anualidades previas ao 2025, que non estivesen concluídos, nin condicionará a orde na súa tramitación. En todo caso deberá existir dispoñibilidade orzamentaria derivada de créditos inicialmente aprobados no orzamento, por non ter sido comprometidos gasto ou recoñecidas obrigas no exercicio o uben por modificacións orzamentarias.”

- 5. Se solicite, en ausencia da interventora titular, informe de Intervención ao departamento de asistencia técnica económica da Deputación da Coruña, para proceder coas tramitacións oportunas para levar a**

pleno extraordinario na primeira quincena de novembro a aprobación do suplemento de crédito e a modificación das bases do orzamento para que poidan entrar en vigor antes de que finalice o ano.

- 6. Que polos departamentos que xestionan as diferentes subvencións se preparen os correspondentes expedientes para que, cando entre en vigor tanto o suplemento como a modificación das bases, se fiscalice por Intervención todos aqueles expedientes de subvencións concluídos antes de que remate o ano.”**

Intervenien o voceiro do PP, Sr. Vázquez Pérez, o voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. Alcantarilla Rei, o voceiro do BNG, Sr. Carballada Rodríguez, o voceiro de AV, Sr. Varela Fraguío, a voceira de UxC, Sra. Pan Lesta, e a alcaldesa, Sra. Piñeiro Fernández.

(Cando son as doce horas e seis minutos, auséntase do salón de sesións a concelleira Sra. Díaz Baldomir)

Solicita o uso da palabra a Sra. secretaria quen, unha vez concedido, manifesta que esta moción en ningún caso se pode considerar como un acordo definitivo, por canto require informes. Di que, agora ben, eses informes implicarán a tramitación dun procedemento, polo tanto, de aprobarse só se podería considerar como inicio do procedemento, de acordo co Regulamento orgánico municipal.

(Cando son as doce horas e oito minutos, reincorpórase ao salón de sesións a concelleira Sra. Díaz Baldomir)

A proposta do voceiro do BNG sométese a votación ordinaria deixar este asunto sobre a mesa, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Sete (7), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes e Louro López.

Votos en contra: Catorce (14), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Díaz Baldomir, Barrientos Morales, Varela Germade, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcero Quiñoy, Rodríguez López, Varela Fraguío, Castro Uzal e Lauda Fernández.

Abstencións: Ningunha (0).

Á vista do resultado da votación, declárase non aprobada a proposta de deixar o asunto sobre a mesa.

A continuación, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción presentada polo grupo municipal de UxC, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Catorce (14), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Díaz Baldomir, Barrientos Morales, Varela Germade, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcero Quiñoy, Rodríguez López, Varela Fraguío, Castro Uzal e Lauda Fernández.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Sete (7), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes e Louro López.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a moción de UxC, que devén en acordo nos termos transcritos.

3. PARTE DECLARATIVA

3.1. DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS

Acceso á videoacta – 01:06:56 horas

Non se presenta ningún asunto neste punto da orde do día.

3.2. MOCIÓNS DOS GRUPOS MUNICIPAIS

Acceso á videoacta – 01:06:58 horas

A Sra. alcaldesa explica que teñen catro mocións, pero que hai que comentar que hai unha de UxC que non é unha moción, que é un rogo: a moción das fochancas, e unha moción do PSOE que tampouco é unha moción, que é un rogo, referido á cobertura das prazas municipais. Di que non se somete a consideración do pleno a moción, por canto o asunto non é de competencia plenaria.

Ademais do anterior, di que da propia parte dispositiva da moción despréndese claramente que se trata dun rogo, dado que se formula unha proposta de actuación dirixida á Alcaldía ou a algún dos membros da Xunta de Goberno Local; que, polo tanto, non se tratará como unha moción senón que poderá o grupo municipal presentalo como un rogo, se ben tendo en conta que o número máximo de rogos que se poden presentar son tres, deben suprimir algún dos presentados.

Concedido ou uso da palabra á voceira de UxC, Sra. Pan Lesta, manifesta que a Sra. alcaldesa dixo que isto non é competencia do pleno, pero que están agora mesmo en parte declarativa, mocións dos grupos municipais, e di que non ten porqué ser competencia de pleno, entende; que aquí ás veces tráense propostas a través de mocións que non teñen nada que ver co pleno municipal de Cambre e que se len como mocións, entón, que non entende esa explicación, e pide se pode explicarlle mellor.

(Cando son as doce horas e dezanove minutos, auséntase do salón de sesións a concelleira Sra. Prieto Miramontes)

A Sra. alcaldesa concede o uso da palabra á secretaria xeral, Sra. Pastor Novo, quen explica que as mocións se refiren en todos os casos a asuntos competencia do pleno, tanto unhas como outras, pero independentemente desa cuestión que digamos que é secundaria, a diferenza principal entre unha moción e un rogo, é que os rogos o que supoñen é unha formulación dunha proposta de actuación dirixida ao alcalde ou a algún dos membros da xunta de goberno local. Di que aquí o que se solicita é que se recolla un inventario de fochancas confeccionado polo grupo municipal de UxC, e que se tramite como expediente de emerxencia o contrato de subministración de material, e que a competencia de contratación desa subministración de material correspóndelle á Sra. alcaldesa e, por delegación desta, á xunta de goberno local; polo tanto, di que o que están pedindo é que realice unha actuación a alcaldesa, é dicir, que o tramite como contrato de emerxencia, e que iso non entra dentro do concepto de moción, senón do de rogo.

A Sra. alcaldesa pregunta que deciden facer, ao que a voceira de UxC, Sra. Pan Lesta contesta que manteñen os tres rogos presentados, e o voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. Alcantarilla Rei contesta que tampouco entenden moi ben o porqué deste cambio de moción, pero que van seguir mantendo os seus tres rogos.

(Cando son as doce horas e vinte e un minutos, reincorpórase ao salón de sesións a concelleira Sra. Prieto Miramontes)

Acceso á videoacta – 01:10:25 horas

A) A Sra. Presidenta dá conta da moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE para solicitar á Xunta de Galicia o traslado urxente da parada do autobús escolar do IES Afonso X O Sabio por motivos de seguridade viaria, e concede o uso da palabra á concelleira do PSdeG-PSOE, Sra. Prieto Lamas, quen di que a urxencia da moción vén motivada polo perigo que leva consigo o sitio onde actualmente se recollen aos alumnos do IES Afonso X O Sabio. Di que o autobús na Castellana é un perigo diario para eles, e que de aí a urxencia porque xa hai tempo que comezaron as clases e é necesario modificalo.

De seguido a Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia da moción, que é aprobada por unanimidade.

A continuación, a Sra. presidenta somete a debate e consideración do Pleno a moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE, rexistrada de entrada ao núm. 202599900006796 o día 27 de outubro de 2025, xunto cos rogos e preguntas presentados para este pleno, que redactada en castelán e transcrita ao galego di:

«MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PARA SOLICITAR Á XUNTA DE GALICIA O TRASLADO URXENTE DA PARADA DO AUTOBÚS ESCOLAR DO IES AFONSO X O SABIO POR MOTIVOS DE SEGURIDADE VIARIA

O Grupo Municipal Socialista (PSdeG-PSOE), ao abeiro do previsto no Regulamento Orgánico Municipal e a lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación a seguinte **MOCIÓN PARA SOLICITAR Á XUNTA DE GALICIA O TRASLADO URXENTE DA PARADA DO AUTOBÚS ESCOLAR DO IES AFONSO X O SABIO POR MOTIVOS DE SEGURIDADE VIARIA.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A actual parada do autobús escolar que dá servizo ao IES Afonso X O Sabio, situada na Castellana nº 33, constitúe un punto de risco evidente para os menores que a utilizan diariamente. Cada mañá, uns 15 nenos e nenas de entre 12 e 16 anos vense obrigados a esperar e cruzar a estrada en plena curva, sen paso de peóns, sen beirarrúas e sen ningún elemento básico de protección, expoñéndose a un perigo inaceptable para acceder ao seu transporte escolar.

Ademais, a detención do autobús invade o carril de circulación, interrompendo o tráfico e xerando manobras bruscas que poñen en risco tanto aos estudantes como ao resto de vehículos que circulan polo vial.

Esta situación vulnera principios básicos de seguridade viaria, recollidos en:

Lei sobre tráfico, circulación e seguridade viaria (RDL 6/2015), que obriga ás administracións para eliminar puntos perigosos e protexer aos usuarios vulnerables.

Regulamento xeral de circulación (RD 1428/2003), que establece que a parada do transporte colectivo debe realizarse en condicións que non creen perigo, especialmente cando afecte a peóns (arts. 4, 25 e 57).

Criterios técnicos da DXT sobre “Paradas Seguras”, que esixen accesibilidade mediante beirarrúas, boa visibilidade, pasos peonís próximos e ausencia de curvas ou invasión de calzada.

Mentres as familias reclaman unha solución, a resposta foi un intercambio infrutuoso de responsabilidades entre administracións. O Concello apunta á Xunta; a Xunta devolve o asunto ao Concello. Ese xogo burocrático é

inadmisíbel cando falamos da seguridade de menores. Non estamos a falar de expedientes; estamos a falar de vidas.

Fronte a esta situación, existe unha posible alternativa, por exemplo na Castellana nº 87, uns metros máis adiante, onde si existe beirarrúa, visibilidade e espazo suficiente para que o autobús poida deterse sen invadir o carril, permitindo ademais que o alumnado acceda á parada por unha zona segura, accesible e protexida. Non é un problema técnico: é un problema de vontade política e de urxencia.

Non podemos, como administración pública, seguir esperando a que ocorra unha desgraza para reaccionar.

ACORDOS

O Pleno do Concello de Cambre ACORDA:

1. Instar formal e urxentemente á Xunta de Galicia, como administración competente en materia de transporte escolar, a que traslade inmediatamente a parada situada na Castellana nº 33, buscando unha localización alternativa segura, por exemplo A Castellana nº 87, onde existen beirarrúas, maior visibilidade e espazo suficiente para a detención do autobús sen invadir a calzada.
2. Solicitar que, xunto co traslado, se garantan as condicións mínimas de seguridade viaria, incluíndo pasos de peóns, sinalización vertical e horizontal, e calquera outra medida necesaria para un acceso seguro do alumnado do IES Afonso X O Sabio.
3. Ofrecer a colaboración do Concello de Cambre nas actuacións complementarias que permitan habilitar a nova parada no menor prazo de tempo posible.
4. Dar traslado do presente acordo á Xunta de Galicia, á dirección do IES Afonso X O Sabio e á ANPA, facendo constar o carácter urxente desta actuación.»

Interveníen a voceira de UxC, Sra. Pan Lesta, o voceiro de AV, Sr. Varela Fraguío, a concelleira do PSdeG-PSOE, Sra. Prieto Lamas, o voceiro do BNG, Sr. Carballada Rodríguez, e a alcaldesa, Sra. Piñeiro Fernández.

Seguidamente, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE, polo que devén en acordo nos termos transcritos.

Acceso á videoacta – 01:16:57 horas

B) A Sra. presidenta dá conta da moción do grupo municipal de AV para a mellora e dinamización do paseo fluvial do río Mero, e concede o uso da palabra ao concelleiro de AV, Sr. Castro Uzal, quen di que rexistraron esta moción o xoves pasado, antes das comisións e antes da noticia que saíu en prensa recentemente da reunión da alcaldesa coa concelleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, o cal di que aplauden, e di que pasa á xustificación porque pensa que pode ser complementaria a esa reunión e pola mellora e posta en valor do noso concello, ademais dun dos atractivos turísticos da comarca.

De seguido a Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia da moción, que é aprobada por unanimidade.

A continuación, a Sra. presidenta somete a debate e consideración do Pleno a moción do grupo municipal de AV, rexistrada de entrada ao núm. 202599900006722 o día 23 de outubro de 2025, que transcrita di:

«Raúl Varela Fraguío, como voceiro do Grupo municipal Alternativa dos Veciños Cambre, ao abeiro do disposto no Regulamento orgánico municipal, presenta para a súa aprobación polo Pleno Municipal a seguinte moción:

Expoñe

É indiscutible que Cambre é un municipio marcado polo percorrido do río Mero.

A veciñanza de Cambre desfruta do entorno a través do paseo fluvial, que, co paso dos anos, converteuse no centro dos espazos recreativos da vila para a veciñanza do municipio, especialmente das zonas máis urbanas (O Temple, Barcala e Cambre). Pero tamén nun dos referentes turísticos da comarca.

O paseo combina o valor natural do Mero coa posibilidade de practicar diferentes actividades ao aire libre, nunha contorna que forma parte da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.

Porén, a súa conservación e funcionalidade non están á altura da súa importancia social e ambiental. Tendo en conta o valor ecolóxico e o uso intensivo que fan as persoas do espazo, consideramos urxente avanzar nun plan integral de mellora e dinamización do paseo fluvial.

A orixe desta moción nace da vontade do Grupo municipal de Alternativa dos Veciños de Cambre, recollendo tamén as opinións e propostas da veciñanza e visitantes que fan uso cotián deste espazo único, símbolo do noso patrimonio natural e social.

PROPOSTAS DE MELLORA

1. Acondicionamento e mantemento das sendas peonís
 - o Limpeza das marxes do río para garantir a visibilidade do Mero e poñer en valor o seu protagonismo paisaxístico.
 - o Mellorar a poda de altura de árbores (por medios manuais e respectuosos).
 - o Mantemento dos diferentes camiños de acceso dende diferentes puntos (como por exemplo pola zona de Cecebre).
2. Rehabilitación de diferentes espazos de interese patrimonial e natural
 - o Recuperación da contorna do muíño de Peiraio
3. Acondicionamento de mobiliario e infraestrutura lixeira
 - o Rehabilitación da ponte de madeira da Barcala na zona dos Muíños. (Neste caso remarcar a urxencia para que poida ser empregado canto antes o paso)
4. Creación dunha área pública de lecer
 - o Dotando o paseo dunha zona “de estar” accesible e naturalizada, con bancos, mesas, zonas de sombra e fontes, para favorecer o descanso, o pícnic e o uso familiar.
5. Mellora das zonas de aparcamento
 - o Actuacións nas zonas da urbanización da Barcala, A Casilla e Cela, que actualmente presentan firme deteriorado e carecen de servizos mínimos (fonte, bancos, sombra). Propoñemos a súa remodelación e humanización, aproveitando fondos da Deputación do POS+2026.
6. Seguridade Viaria

- o Actuación urxente no cruzamento na AC-214 á altura da Telva, que carece de paso de peóns nin sinalización.
- o Instalación de pivotes de acceso para impedir a entrada de vehículos na senda peonil (zonas de Cela e Peiraio).

7. Coidado medioambiental

- o Control de vertidos ao río procedentes de fincas ou instalacións lindeiras.
- o Seguimento e eliminación de especies invasoras ao longo da canle.
- o Revisión da zona da Telva, onde se perciben cheiros e posibles estancamentos de augas residuais

8. Dinamización cultural, educativa e turística

- o Programa de educación ambiental para centros de ensino do municipio.
- o Creación dun servizo municipal de bicicletas públicas entre O Temple, Cambre e A Barcala.
- o Inclusión no programa deportivo municipal actividades que poidan asociarse ás sendas (“marcha nórdica”, paseos saudables, roteiros guiados, etc.)
- o Sinalización turística, con acceso a códigos QR que informen sobre puntos de interese, rutas alternativas e/ou valores ambientais.

ACORDOS A LEVAR A PLENO

1. Dirixirse a Augas de Galicia, como entidade responsable do mantemento e conservación das sendas, solicitando a incorporación das medidas de mellora expostas.
2. Estudar a habilitación dunha zona dunha área pública de lecer, valorando, incluso, posibles convenios de cesión de uso con propietarios privados lindeiros, subvencións ou cooperación con outras administracións.
3. Incorporar ao POS+2026 un proxecto de acondicionamento e humanización das áreas de aparcamento e acceso ao paseo.
4. Reiterar ante a Xunta de Galicia a demanda de mellora da seguridade no cruzamento da AC-214 (A Telva).
5. Instalar pivotes disuasorios para impedir o acceso de vehículos á senda peonil.
6. Elaborar un proxecto de mellora medioambiental integral, que inclúa estudo de especies invasoras, control de vertidos e avaliación doutros factores de impacto, trasladando os resultados ás administracións competentes.
980/2025	17-10-2025	Convocar proceso para a elaboración dunha relación de candidatos para nomeamentos de técnicos de xestión económica-financeira interinos cando se dean as circunstancias que legalmente o permitan. Aprobar as bases reguladoras desta convocatoria
981/2025	17-10-2025	Tomar coñecemento de que o cadáver de MCVB falecida o día 2 de agosto de 2025, foi inhumado na urna perimetral sinalada co número 26, letra A no cemiterio municipal de Cambre, en data 3 de agosto de 2025
982/2025	17-10-2025	Tomar coñecemento de que o cadáver de JLR falecido o día 8 de agosto de 2025, foi inhumado na urna perimetral sinalada co número 25, letra A no cemiterio municipal de Cambre, en data 9 de agosto de 2025
983/2025	17-10-2025	Conceder a licenza municipal solicitada para executar unha canalización de 86 metros lineais, para o tendido dunha liña subterránea de media tensión, e instalar un centro de seccionamento na parcela sita na rúa Bell, polígono industrial de Espírito Santo, parroquia de Cecebre. Solicitante: CN, SL
984/2025	17-10-2025	Autorizar a licenza de ocupación en data 18 de outubro de 2025 o espazo público situado na praza Manuel Murguía no Temple-Cambre de 10:30h a 14:00h co obxecto de colocar mesas solidarias e informativas. Solicitante: AECC
985/2025	17-10-2025	Tomar coñecemento de que o cadáver de LCR falecida o día 17 de setembro de 2025, foi inhumado na urna perimetral sinalada co número 27, letra A no cemiterio municipal de Cambre, en data 18 de setembro de 2025
986/2025	17-10-2025	Tomar coñecemento de que as cinzas de MJPZ falecida o 4 de xuño de 2025, foron depositadas na urna central sinalada co número 30, letra C no cemiterio municipal de Cambre, en data 5 de xuño de 2025
987/2025	17-10-2025	Tomar coñecemento de que as cinzas de SRB falecida o día 3 de agosto de 2025, foron depositadas na urna perimetral sinalada co número 165, letra B no cemiterio municipal de Cambre, en data 8 de agosto de 2025
988/2025	17-10-2025	Aprobar as facturas e os gastos por un importe total de 7.102,59 euros
989/2025	17-10-2025	Aprobar a factura por importe total de 5200,00 euros
990/2025	17-10-2025	Aprobar o expediente de transferencia de crédito número 6/2025 por un importe de 27.844,79 euros
991/2025	17-10-2025	Aprobar o expediente de transferencia de crédito número 5/2025 por un importe de 16.485,20 euros
992/2025	17-10-2025	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 21 de outubro de 2025
993/2025	17-10-2025	Inscribir o can identificado como LUCKY de raza American Staffordshire Terrier, sexo macho e microchip número 9410000_____, no Rexistro municipal de animais potencialmente perigosos. Solicitante: RMT

994/2025	17-10-2025	Inscribir o can identificado como ZEUS de raza American Stafford (mestizo), sexo macho e microchip número 9410000_____, no Rexistro municipal de animais potencialmente perigosos. Solicitante: IPS
995/2025	20-10-2025	Convocatoria da sesión ordinaria conxunta das Comisións Informativas Permanentes do día 23.10.2025
996/2025	20-10-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos B anuais por importe de 150 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 5 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: SJM
997/2025	20-10-2025	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal solicitada o 02/10/2025, xa que segundo o disposto no artigo 6 da ordenanza reguladora, supera o número máximo de vales que se poderán entregar ao ano por unidade familiar (6). Solicitante: MCFM
998/2025	20-10-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social solicitada o 08/05/2025, destinada ao pagamento dun recibo de luz por importe de 133,17 euros correspondente ao período de 20/03/2025 ao 21/04/2025, segundo o artigo 7 da ordenanza. Solicitante: MCFM
999/2025	21-10-2025	Conceder a licenza municipal solicitada para executar unha canalización de 3 metros lineais para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión destinada a proporcionar subministración de enerxía eléctrica ao punto de recarga de vehículos eléctricos sito na rúa Wenceslao Fernández Flórez, parroquia de Cambre. Solicitante: UFD DE, SA
1000/2025	24-10-2025	Aprobar as despesas que se relacionan no seguinte cadro correspondentes ás achegas do concello pola Seguridade Social do mes de xuño de 2025, así como tamén autorizar, dispor e recoñecer as obrigas correspondentes aos anteditos gastos con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes, e o seu pagamento, por importe total de 60.596,43 euros. Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o seu pagamento, das cotas dos traballadores á Seguridade Social correspondentes ao mes de xuño de 2025 por importe de 18.251,87 euros no concepto non orzamentario "20030 Cota traballador á Seguridade Social". Aprobar, autorizar, dispor e recoñecer as obrigas resultantes dos recargos (5.617,07 euros) correspondentes ós seguros sociais do mes de xuño de 2025 á Tesourería Xeral da Seguridade Social por importe de 5.806,00 euros nas aplicacións orzamentarias 912 16000 (176,45 euros) e 920 16000 (5.440,62 euros) respectivamente. Aprobar, autorizar, dispor e recoñecer as obrigas resultantes dos xuros de mora correspondentes ós seguros sociais do mes de xuño de 2025 á Tesourería Xeral da Seguridade Social por importe de 188,93 euros na aplicación orzamentaria 011 35200.
1001/2025	24-10-2025	Convocar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local para o próximo martes día 28 de outubro de 2025, ás 10.00 horas
1002/2025	24-10-2025	Ter por desistida da súa solicitude de inscrición no Padrón municipal de habitantes do municipio de Cambre, na Praza José Luís Caso Cortines, O Temple, a CCG.
1003/2025	24-10-2025	Non estimar o recurso de reposición interposto por MICS contra a resolución da Alcaldía núm. 1520/2024 con data do 17 de decembro de 2024 pola que se aproba a autorización e disposición do gasto por importe de 405,74 euros en concepto de aumento do prezo xusto para unha parcela do

		proxecto de expropiación forzosa para a ampliación da travesía de acceso ao cemiterio de Cambre, así como a autorización e disposición do gasto por importe de 517,07 euros en concepto de xuros por demora na determinación e pago do dito prezo xusto, así como tamén se acorda o pagamento dos ditos importes e se cancela o depósito do importe de 1.119,32 euros de tal prezo xusto que fora consignado na Caixa Xeral de Depósitos do Ministerio de Economía e Facenda da Coruña para o seu pago a MICS, por todos e cada un dos fundamentos de dereito recollidos no informe do xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior incorporado á resolución.
1004/2025	24-10-2025	Ter por desistido da súa solicitude de cambio de domicilio no Padrón municipal de habitantes de Cambre, para a rúa María Mariño, a JRA
1005/2025	24-10-2025	Ter por desistido da súa solicitude de inscrición no Padrón municipal de habitantes de Cambre, na rúa Estanque, O Temple, a SEPV
1006/2025	24-10-2025	Ter por desistida da súa solicitude de inscrición no Padrón municipal de habitantes do municipio de Cambre, no lugar da Patiña, Cela, a CLGR
1007/2025	24-10-2025	Conceder a DMV a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora, que serán entregados no departamento de servizos sociais por orde da coordinadora de servizos sociais e o técnico profesional de referencia responsable do seu expediente, unha vez comprobado que a beneficiaria continúa cumprindo os requisitos establecidos no artigo 2 da dita ordenanza.
1008/2025	24-10-2025	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a ERC, a quen pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos.
1009/2025	24-10-2025	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a GHCM, a quen pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos.
1010/2025	24-10-2025	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a JMRM, que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos.
1011/2025	24-10-2025	Denegar a LBdeG a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal solicitada o 10/10/2025, xa que segundo o disposto no artigo 22.3 da ordenanza reguladora, non constitúe unha solución axeitada ou non resolve de forma significativa a necesidade formulada.
1012/2025	24-10-2025	Dar de baixa no servizo de axuda no fogar a MIMR. Motivo da baixa: Falecemento. A data de baixa é: 24/09/2025.
1013/2025	24-10-2025	Conceder a dona SMCP a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora, que serán entregados no departamento de servizos sociais por orde da coordinadora de servizos sociais e o técnico profesional de referencia responsable do seu expediente, unha vez comprobado que a beneficiaria

		continúa cumprindo os requisitos establecidos no artigo 2 da dita ordenanza.
1014/2025	24-10-2025	Denegar a PME, a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal solicitada o 20/10/2025, xa que segundo o disposto no artigo 6 da ordenanza reguladora, supera o número máximo de vales que se poderán entregar ao ano por unidade familiar (6).
1015/2025	24-10-2025	Conceder a CGR a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos B anuais por importe de 150 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 4 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora, que serán entregados no departamento de servizos sociais por orde da coordinadora de servizos sociais e o técnico profesional de referencia responsable do seu expediente, unha vez comprobado que a beneficiaria continúa cumprindo os requisitos establecidos no artigo 2 da dita ordenanza.
1016/2025	24-10-2025	Denegar a CHRV a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal solicitada o 25/06/2025, xa que, segundo o disposto no artigo 23.7 da ordenanza reguladora, incumpre os compromisos asumidos no proxecto de intervención social.
1017/2025	23-10-2025	Conceder, a partir da facturación correspondente ao terceiro trimestre de 2025, a bonificación establecida no artigo 5, apartado 2 da ordenanza fiscal núm. 15 reguladora da taxa por subministración de auga, no domicilio de subministración, por cumprir os requisitos establecidos, e aplicarles a tarifa 1.B do Epígrafe 1. Usos domésticos, da ordenanza fiscal núm. 15: Dar de baixa, a partir da facturación correspondente ao terceiro trimestre de 2025, a bonificación establecida no artigo 5, apartado 2 da ordenanza fiscal núm. 15 reguladora da taxa por subministración de auga, por mor de non ter aportado título de familia numerosa en vigor, a aplicación da bonificación do 50% na tarifa recollida no artigo 3º da ordenanza da prestación patrimonial de carácter público non tributario pola prestación do servizo público de tratamento e depuración de augas residuais, por usos destinados a vivenda habitual das familias numerosas, por mor de non cumprir os requisitos esixidos no artigo 4 apartado B, ao non ser pagador do recibo
1018/2025	23-10-2025	Conceder a aplicación da bonificación do 100% sobre o mínimo facturable para usos domésticos, tanto na taxa de subministración de auga, establecida no artigo 5.1 da ordenanza fiscal núm. 15, como na taxa pola rede de sumidoiros, establecida no artigo 6 da ordenanza fiscal núm. 9, con efectos do terceiro trimestre de 2025, por cumprir os requisitos esixidos de conformidade cos informes emitidos polos técnicos de Servizos Sociais, ser pagador da póliza de abono e estar empadroadado na vivenda obxecto de bonificación. Denegar a bonificación solicitada con data de rexistro de entrada 1 de abril de 2025, na dirección de subministración, por comprobarse a súa baixa como residente no municipio no padrón municipal de habitantes

Igualmente, a Presidencia dá conta aos membros da Corporación dos acordos da Xunta de Goberno Local adoptados por delegación da Alcaldía, que se relacionan a continuación:

Sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 26 de setembro de 2025

- Proposta relativa á adxudicación da “Contratación artística e produción do XXXIII Festival Rock in Cambre”, á entidade mercantil “Alboroto Producciones, S.L.” no prezo de 97000,00 euros sen IVE (117370,00 IVE incluído). Expediente número 2025/C004/000011

Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 7 de outubro de 2025

- Proposta relativa á devolución da garantía definitiva do expediente “Contrato mixto para o desenvolvemento da cabalgata infantil de Reis Magos a celebrar no Concello de Cambre no ano 2025”. Expediente núm. 2024/C004/000023

- Proposta relativa á adxudicación da obra “Mellora da pista deportiva municipal do Temple, Cambre”, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022, á entidade “Instalaciones Deportivas Gallegas, S.L.”, no prezo de 47420,00 euros sen IVE (57378,20 euros IVE incluído). Expediente núm. 2023/C003/000008

Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 14 de outubro de 2025

- Proposta de aprobación do expediente de contratación relativo ao contrato de “Subministración en réxime de aluguer e instalación de iluminación ornamental de Nadal no Concello de Cambre”. Expediente núm. 2025/C005/000003

- Proposta relativa ao cambio de designación de responsable do contrato de “Traballos de limpeza, roza e desherbado mecánico e/ou manual de vías de titularidade municipal e fincas no Concello de Cambre”. Expediente núm. 2023/C004/000007

4.3. ROGOS

Acceso á videoacta – 01:40:23 horas

ROGOS DE UxC PRESENTADOS POR ESCRITO

Rexistrados de entrada ao núm. 202599900006797 o día 27 de outubro de 2025, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que transcritos din:

1º rogo - Acceso á videoacta – 01:40:38 horas

Lee o rogo a Sra. Pan Lesta.

“Visto que os estudantes do colexio do Graxal seguen sen poder facer con normalidade o seu día a día por non habilitarse, polo momento, unha alternativa para as actividades tanto escolares como extraescolares mentres está pechada a polideportiva do Graxal, a pesar do compromiso do Goberno na reunión do pasado 20 de outubro onde se asegurou que a carpa estaba xa lista e as obras da polideportiva estarían rematadas sobre o 15 de novembro. Visto que nas pasadas comisións informativas se nos respondeu que se abriu expediente de contratación para a reparación da polideportiva. Rogamos, se instale esta mesma semana a carpa que xa estaba lista en outubro e aínda non se instalou e se garanta publicamente que o 15 de novembro, os escolares do Graxal poderán xa facer uso da polideportiva do Graxal tal e como se comprometeu o Goberno cos pais dos alumnos e alumnas deste centro.”

(Cando son as doce horas e cincuenta e dous minutos, auséntase do salón de sesións a concelleira Sra. Prieto Lamas)

O Sr. Vázquez Pérez contesta o rogo.

(Cando son as doce horas e cincuenta e tres minutos, reincorpórase ao salón de sesións a concelleira Sra. Prieto Lamas, e cando son as doce horas e cincuenta e catro minutos auséntase do salón de sesión o concelleiro Sr. Castro Uzal)

Interveñen a Sra. Pan Lesta e o Sr. Vázquez Pérez.

(Cando son as doce horas e cincuenta e catro minutos reincorpórase ao salón de sesións o concelleiro Sr. Castro Uzal)

Intervén o Sr. Lamela Vázquez.

2º rogo - Acceso á videoacta – 01:46:28 horas

Lee o rogo o Sr. González Leirós.

“Visto que segundo informaron en comisións estase revisando o proxecto que quedou deserto para actuar no muro do campo de fútbol de Brexo-Lema. Rogamos que se proceda, por parte da brigada municipal, a retirar o muro existente de forma inmediata para evitar o seu derrubamento e posibles danos persoais e materiais.”

A Sra. alcaldesa contesta o rogo. Intervén o Sr. González Leirós.

3º rogo - Acceso á videoacta – 01:50:33 horas

Lee o rogo o Sr. Mallo Castro.

“Visto o escrito remitido a varias asociacións sobre o estado de tramitación do convenio dos clubs de fútbol 2002 e 2023, Baloncesto 2022 e 2023 e libre concorrência de 2022 e 2023, no que se dan datas pero non se achegan datos completos sobre os expedientes en cuestión, rogamos se nos achegue a trazabilidade de cada un dos expedientes incluídos nese documento dentro do programa de xestión de expedientes TEdC co fin de garantir a total transparencia pola que tanto avoga o Goberno local.”

O Sr. Vázquez Pérez contesta o rogo. Intervén a Sra. Pan Lesta.

(Cando son as trece horas e cinco minutos, auséntase do salón de sesións a concelleira Sra. Varela Germade)

ROGOS DO PSDEG-PSOE PRESENTADOS POR ESCRITO

Rexistrados de entrada ao núm. 202599900006796 o día 27 de outubro de 2025, xunto coas preguntas e mocións presentadas para este pleno, que redactados en castelán e transcritos ao galego din:

1º rogo - Acceso á videoacta – 01:54:51 horas

Lee o rogo o Sr. Alcantarilla Rei.

“O bo funcionamento dun concello depende de maneira directa da dotación suficiente de persoal nos seus diferentes servizos. Con todo, nos últimos tempos, este municipio está a sufrir unha diminución progresiva de persoal, xerando sobrecarga laboral, atrasos inxustificables e unha deterioración apreciable na calidade dos servizos prestados á cidadanía.

O máis grave é que esta situación non só responde á falta de necesidade nin á falta de informes técnicos, senón a decisións políticas deste Goberno que bloquean sistematicamente a cobertura de prazas, mesmo cando existen informes favorables que avalan a súa necesidade para o correcto funcionamento do servizo.

Constatamos a existencia de prazas con dobre informe, un favorable e outro desfavorable, fronte ás cales o Goberno municipal está a posicionarse sempre en contra, inclinándose pola negativa sistemática e provocando a perda efectiva desas prazas. Esta práctica agrava aínda máis a falta de persoal e contribúe a que certas áreas municipais operen xa ao límite da súa capacidade.

Esta política, ademais de ineficiente, é incoherente co deber legal e moral do Concello: garantir unha administración dilixente, accesible, eficaz e con capacidade real de resposta para atender á cidadanía.

Están a xerarse consecuencias evidentes:

- Atrasos en trámites, licenzas, expedientes e atención ao público.
- Estrés e sobrecarga sobre o persoal actual.
- Perda de calidade do servizo, incumprindo expectativas lexítimas de veciños e veciñas.

O Concello non pode seguir renunciando a recursos humanos necesarios cando existe aval técnico para cubrilos. As decisións finais non poden basearse en criterios políticos arbitrarios, senón na obxectividade que marcan os informes profesionais e a protección do interese xeral.

Por todo iso, o Grupo Socialista de Cambre rogamos o seguinte:

1. Recoñecer como criterio prioritario os informes técnicos favorables emitidos para a creación ou cobertura de prazas municipais, salvo causa excepcional.
2. Revisar de inmediato as prazas cun informe técnico favorable que fosen rexeitadas, presentando no próximo Pleno un calendario para a súa cobertura efectiva.
3. Garantir que non se perdan prazas necesarias por decisións políticas que, en contra do interese xeral, estean a apostar pola supresión de persoal.
4. Reforzar con urxencia os departamentos máis afectados pola falta de persoal, especialmente aqueles que teñan impacto directo sobre a atención á cidadanía e a xestión administrativa básica.
5. Asegurar a máxima transparencia, dando conta trimestralmente en comisión do estado das prazas vacantes, as amortizacións, os informes emitidos e os acordos adoptados.

Con este rogo, buscamos garantir algo esencial: que os servizos públicos municipais funcionen con persoal suficiente. É incomprensible que, tendo persoal que quere quedar traballando no Concello de Cambre e sendo ademais tan difícil cubrir esas prazas cando quedan vacantes, este Goberno permita que se perdan postos necesarios para o bo funcionamento dos servizos públicos.”

(Cando son as trece horas e sete minutos, reincorpórase ao salón de sesións a concelleira Sra. Varela Germade)

A Sra. alcaldesa contesta o rogo. Interveñen o Sr. Alcantarilla Rei e a Sra. Pan Lesta.

2º rogo - Acceso á videoacta – 02:03:17 horas

Lee o rogo a Sra. Prieto Lamas.

“O Grupo Municipal Socialista solicita ao Goberno que revise e repare varios buracos no pavimento, segundo se ve nas fotos adxuntas, que representan un risco para a seguridade de peóns e vehículos.

Esas fochancas atópanse na rúa Canteira, fronte á academia Trocalinguas, onde o buraco ten dimensións similares a unha pequena piscina e na rúa Arrigada, números 25 e 39, onde as fochancas existentes dificultan o tránsito e poñen en perigo aos veciños.

Estes danos constitúen un risco evidente de accidentes, ademais afectan á accesibilidade e á imaxe do Concello. Por iso, rogamos ao Goberno actúe con urxencia na súa reparación e valore medidas preventivas para evitar que se repitan situacións similares noutras rúas.”

O Sr. Vázquez Pérez contesta o rogo.

3º rogo - Acceso á videoacta – 02:04:47 horas

Lee o rogo o Sr. Alcantarilla Rei.

“O Grupo Municipal Socialista desexa poñer de manifesto a importancia de apoiar e dinamizar o comercio local de Cambre durante a próxima campaña do Nadal, dado o seu papel fundamental na economía do municipio e na vida cotiá da cidadanía.

Neste sentido, e co ánimo de coñecer con detalle as iniciativas que o Concello poida estar a planificar, rogamos ao equipo de goberno que se nos presente un informe detallado sobre a súa proposta de actuación para a dinamización do comercio local neste próximo Nadal.

No devandito informe, solicitamos que se inclúa información sobre as medidas previstas, as actividades ou iniciativas concretas, os recursos asignados, a colaboración con asociacións de comerciantes e outros axentes locais, así como os obxectivos que se perseguen coas devanditas actuacións. Consideramos que contar con esta información permitirá ao Grupo Municipal Socialista coñecer o alcance e a planificación das iniciativas, valorar a súa efectividade e, no seu caso, colaborar de maneira construtiva para favorecer o éxito da campaña do Nadal e o fortalecemento do comercio local en Cambre.”

O Sr. Vázquez Pérez contesta o rogo. Intervén o Sr. Alcantarilla Rei.

ROGOS DO BNG PRESENTADOS POR ESCRITO

Rexistrados de entrada ao núm. 202599900006792 o día 27 de outubro de 2025, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que transcritos din:

1º rogo - Acceso á videoacta – 02:09:16 horas

Lee o rogo a Sra. Prieto Miramontes.

“A situación de crise en canto á sinatura de convenios e pagos ás distintas asociacións do concello, foi obxecto por parte do grupo de goberno da organización dunha xuntanza con elas segundo saíu nos medios, e así nolo manifestou.

A raíz dela, prodúcense manifestacións nas redes sociais polas asociacións, onde parece que non quedou claro cal é a situación real deses impagos, e mesmo botan a culpa de novo ás funcionarias como son a secretaria e a interventora.

Dende o BNG, sempre mantivemos unha actuación escrupulosa en todo o que atinxe a ir sempre da man da lei, e non polas dubidasas beiras, rexeitamos por tanto toda confusión sobre os procesos administrativos que son previos ao desembolso económico de todo tipo de axudas.

Guiámonos por tanto por unha ética responsábel, axudada polas empregadas/dos públicos que garanten os procesos.

Nestas redes sociais, vemos en ocasións como de novo como se ataca a funcionarios/as así como a toda a Corporación sen distinguir quen gobernou, quen goberna, nin quen está na oposición, por tanto sen discriminar aos verdadeiros responsábeis.

Chega un momento, en clarexar cal é o momento actual respecto destes atrasos e porqué:

Cada axuda ás asociacións debe de ir precedida dunha solicitude. Esta será informada en vista da documentación achegada, e comprobar o seu correcto trámite.

En ocasións, a funcionaria interventora, ou a secretaria, e despois de observar algunha deficiencia, devolve ao departamento correspondente (por exemplo, cultura, deportes, etc.) para que sexa corrixida; así é de novo informada pola interventora e a secretaria para que unha vez todo estea correcto, pasarase a Alcaldía que ditara unha RESOLUCIÓN, e habendo orzamento previsto para iso, procederase ao ABOAMENTO das axudas. Este último acto e o cumio coa sinatura imprescindíbel da alcaldesa para que se pague.

Todo este preámbulo vén ao xeito porque é importante explicar, que dende o ano 2023 non están aprobadas as axudas, xa que están incompletas na súa tramitación, non chegaron corrixidas a Intervención nin a secretaría, e nunca se asinaron resolucións de Alcaldía para poder facelas efectivas. Nese tempo gobernaba UniónxCambre, así como agora dende hai meses goberna o Partido Popular.

Por tanto: as axudas que son anuais, non se poderán facer efectivas unha vez transcorrido o prazo estipulado. Poderán concorrer nun novo ano, presentando a documentación requirida e seguir o procedemento que así establecen as leis.

Dende o BNG, á vista dos comunicados das asociacións, entendemos que se lles deu traslado dunhas explicacións que foron quizais escasas, ou pouco claras.

Dende o noso deber de fiscalizar exercendo o control necesario para un mellor funcionamento da política local, e tendo en conta a fonda e lóxica preocupación de todo o tecido asociativo de Cambre, entendemos que non se pode manter esta incógnita, nin as ausencias de información que o único que fan é alentar posturas extremas que non se corresponden coa realidade.

Cremos que as explicacións deben ser máis abondosas e clarificadoras, sen que supoñan un engano na ilusión de que van recibir axudas económicas en non moito tempo.

Por todo o anterior exposto, dende o BNG entendemos que a hora de atallar o problema: SOLICITAMOS

Que se leve a cabo unha nova convocatoria de xuntanza coas representantes das distintas asociacións e se lles dea correcta explicación de todos estes procesos que desembocan na ausencia de axudas, e se fose posible, asistidas, tanto pola secretaria como pola interventora. Así como a animar ás directivas a que se interesen mediante escrito, solicitando acceso o expediente onde se tramitan as ditas axudas.

Todo isto á maior brevidade, evitando así máis confusión.”

A Sra. alcaldesa contesta o rogo. Intervén a Sra. Prieto Miramontes.

2º rogo - Acceso á videoacta – 02:17:30 horas

Lee o rogo a Sra. Prieto Miramontes.

“Na recta da Marisqueira estamos constantemente con sustos e accidentes ben polos ciclistas que se saen da curva que está cerca do pazo (posiblemente por estar mal peraltada) ou ben por xente que tenta cruzar para A Barcala. Temos que ter en conta que non hai paso de peóns máis que o que está a altura da rúa dos Muíños ou xa na parte de arriba da urbanización da Barcala. Iso obriga a moita xente a xogarse o tipo por non percorrer un tramo moi grande para ir mercar aos comercios da zona.

Por todo o exposto, SOLICITAMOS:

Que se dean os pasos administrativos necesarios con urxencia para dotar dun novo paso peonil, entre os dous xa existentes, e que se estude unha solución para evitar as saídas de vía dos ciclistas na curva antes sinalada.”

A Sra. alcaldesa contesta o rogo.

3º rogo - Acceso á videoacta – 02:18:31 horas

Lee o rogo a Sra. Prieto Miramontes.

“As actividades culturais están máis que recortadas neste noso Concello de Cambre, mesmo as máis imprescindíbeis como son a apertura de bibliotecas que dean o servizo requirido á veciñanza, así como o funcionamento dos clubs de lectura. Por non falar da ausencia de novos libros que incrementen a oferta de literatura a quen o requira.

As explicacións dadas nas comisións informativas, non satisfán nin ao grupo do BNG nin ás/aos cidadás/nos que así o demandan. É incomprendible que neste século XXI se lle subtraia a poboación do máis elemental da vida cultural, e deben artellarse os mecanismos necesarios e urxentes para DEVOLVER os dereitos culturais á poboación de Cambre, que agora mesmo están obrigados a ir a Oleiros ou Á Coruña.

É polo que, SOLICITAMOS:

Que polos medios urxentes e necesarios se abran as bibliotecas nos horarios necesarios e amplos para que cumpran coa súa función, que se incorporen novos títulos ás bibliotecas e se creen de novo os clubs de lectura, comunicándollelo ás/aos usuarias/os.”

O Sr. Vázquez Pérez contesta o rogo. Interveñen a Sra. Prieto Miramontes e a Sra. Pan Lesta.

ROGOS DE AV PRESENTADOS POR ESCRITO

Rexistrados de entrada ao núm. 202599900006795 o día 27 de outubro de 2025, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que transcritos din:

1º rogo - Acceso á videoacta – 02:24:34 horas

Lee o rogo o Sr. Castro Uzal.

“Rogamos se lle dea unha solución á veciñanza da parroquia de Pravio, xa que debido posiblemente á maleza dunha finca anexa, teñen os cables da luz desprendidos e con posibilidade de que rompan ou caian sobre a vía pública (achego fotografías)”

A Sra. alcaldesa contesta o rogo.

2º rogo - Acceso á videoacta – 02:25:16 horas

Lee o rogo o Sr. Castro Uzal.

“Sentimos ser repetitivos co mesmo tema mes tras mes, en comisións e plenos, pero é que é unha auténtica vergoña o servizo de recollida de lixo e o estado dos contedores polo que todos os veciños e veciñas de Cambre estamos a pagar rigorosamente, polo que rogamus que se teña unha reunión de urxencia co Consorcio das Mariñas para solucionar esta problemática dunha vez, xa que de non facer nada, nós mesmos alentaremos á veciñanza para que deixe de pagar os recibos.”

A Sra. alcaldesa contesta o rogo.

3º rogo - Acceso á videoacta – 02:26:02 horas

O Sr. Varela Fraguío interveñe e di que substitúe o 3º rogo pola 2ª pregunta presentada para este pleno, no seguinte senso:

Rogamos ao actual Goberno o cambio de horarios das casas da xuventude para que a mocidade teña a posibilidade de facer uso dela despois das clases.

O Sr. Lamela Vázquez contesta o rogo.

4.4. PREGUNTAS

Acceso á videoacta – 02:27:03 horas

PREGUNTAS DE UxC PRESENTADAS POR ESCRITO

Rexistradas de entrada ao núm. 202599900006797 o día 27 de outubro de 2025, xunto cos rogos presentados para este pleno, que transcritas din:

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:27:11 horas

Lee a pregunta a Sra. Pan Lesta.

“Revisadas as resolucións de Alcaldía, dende a chegada do Goberno de Diana Piñeiro o 21 de abril de 2025, non consta ningunha resolución de pago de IRPF. O Concello de Cambre está a cumprir coas súas obrigas en canto ao pago do IRPF en tempo e forma?”

O Sr. Vázquez Pérez contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:28:18 horas

Lee a pregunta a Sra. Pan Lesta.

“Revisadas as resolucións de alcaldía, dende a chegada do goberno de Diana Piñeiro o 21 de abril de 2025, a última resolución de pago das cotizacións á Seguridade Social por parte do Concello de Cambre data do 16 de maio de 2025. Ese día asínase pola alcaldesa resolución número 467/2025 pola que se aproba o pago da cotizacións á Seguridade Social correspondente ao mes de marzo. Salvo erro ou omisión, non se atopa ningunha resolución posterior. Está pagando o Concello de Cambre en tempo e forma as cotizacións á Seguridade Social?”

O Sr. Vázquez Pérez contesta a pregunta.

3ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:29:08 horas

Lee a pregunta a Sra. Pan Lesta.

“Ao non estar pagando o Concello de Cambre en tempo e forma as súas obrigas de IRPF e Seguridade Social, entendendo que eso acarreará nalgún momento o pago de intereses por demora no pago de cotizacións, ¿canto lle costará aos veciños e veciñas de Cambre esta demora no pago de cotizacións?”

O Sr. Vázquez Pérez contesta a pregunta.

PREGUNTAS DO PSDEG-PSOE PRESENTADAS POR ESCRITO

Rexistradas de entrada ao núm. 202599900006796 o día 27 de outubro de 2025, xunto cos rogos e mocións presentados para este pleno, que redactadas en castelán e transcritas ao galego din:

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:29:33 horas

Lee a pregunta a Sra. Rodríguez López.

“Segundo a prensa e declaracións da alcaldesa, o pago a Sementeira aínda está pendente dunha sinatura, a pesar de terse publicado que xa estaba resolto, e o pago ao Club Ciclista de Cambre anunciouse como unha prioridade. Ante esta situación, podería o Goberno detallar cal vai ser o procedemento a seguir para efectuar o pago destas subvencións?”

O Sr. Vázquez Pérez contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:30:36 horas

Lee a pregunta a Sra. Rodríguez López.

“Agardando que outubro sexa un mes máis propicio para que nos dean resposta xa que o pasado xullo non se nos respondeu, volvemos a preguntar: Das 133 prazas incluídas na RPT do concello, cantas están actualmente ocupadas por funcionarios en activo e traballando?”

O Sr. Vázquez Pérez contesta a pregunta.

3ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:31:15 horas

Lee a pregunta a Sra. Rodríguez López.

“Vendo que agora si se poden realizar contratos menores, queremos saber exactamente ¿cantos contratos menores se aprobaron desde a entrada deste equipo de goberno o 21 de abril de 2025?”

O Sr. Vázquez Pérez contesta a pregunta.

PREGUNTAS DO BNG PRESENTADAS POR ESCRITO

Rexistradas de entrada ao núm. 202599900006792 o día 27 de outubro de 2025, xunto cos rogos presentados para este pleno, que transcritas din:

1ª e 2ª preguntas - Acceso á videoacta – 02:31:52 horas

Lee a primeira pregunta a Sra. Prieto Miramontes.

“Cantos dos procesos xudiciais ten o concello, ou membros da Corporación tanto actuais como anteriores abertos?”

A Sra. alcaldesa contesta esta pregunta, xunto coa segunda pregunta que di:

“Cantos deses procesos foron perdidos, ben polo concello, ou por membros da Corporación actual ou anterior unha vez resoltos?”

3ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:32:59 horas

Lee a pregunta a Sra. Louro López.

“Por que non houbo punto violeta na celebración do Rock in Cambre?”

A Sra. Espiñeira Galán contesta a pregunta. Interven a Sra. Louro López e a Sra. alcaldesa.

PREGUNTA DE AV PRESENTADA POR ESCRITO

Rexistrada de entrada ao núm. 202599900006795 o día 27 de outubro de 2025, xunto cos rogos presentados para este pleno, que transcrita di:

Única pregunta - Acceso á videoacta – 02:35:06 horas

Lee a pregunta o Sr. Varela Fraguío.

“Na parroquia do Temple, a máis densamente poboada de todo o concello e, polo tanto, onde máis mocidade reside, existen 3 pistas polideportivas sen que a veciñanza poida facer uso delas. A do parque Ramón Barba, a da ría e a da rúa Otero Pedraio que leva máis de 2 meses pechada ao público sen solución a curto prazo, polo que volvemos preguntar: Cando van estar operativas as ditas pistas deportivas?”

O Sr. Vázquez Pérez contesta a pregunta.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e corenta e oito minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e praxe
A presidenta
(Asinada dixitalmente)
Diana Piñeiro Fernández

A secretaria xeral
(Asinada dixitalmente)
Pilar María Pastor Novo